



Por Decreto de Alcaldía nº 510/2025 de data 06/06/2025 aprobáronse as bases reguladoras e a convocatoria do proceso de selección por concurso-oposición para cubrir unha praza de traballador/a social, funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas para o Concello de Coristanco.

Publicadas as bases e rematado prazo concedido aos interesados para a presentación de instancias, por Decreto de Alcaldía nº 605/2025 de data 04/07/2025 apróbbase a listaxe provisional de admitidos e excluídos do procedemento.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de enmendadas, por Decreto de Alcaldía nº 623/2025 de data 11/07/2025 apróbbase a listaxe definitiva de aspirantes admitidos a realizar o proceso, noméanse os membros do tribunal e convócanse estes para o día 14 de xullo de 11.00 horas no Salón de Plenos do Concello de Coristanco para proceder ao cómputo dos méritos que conforman a fase de concurso deste proceso.

En data 14 de xullo ás 11.00 horas confórmase o tribunal constituído por:

- Presidente: Marta Marín Gracia.
- Secretaria: M^a Dolores Andrade Amigo.
- Primeira Vogal: Elisa Cambeiro Cives.
- Segunda Vogal: Mercedes Camero Bellón.
- Terceira Vogal: M^a José Pombo Vilariño (ausente da sesión),

Procédese a valorar os méritos aportados polos opositores, quedando o baremo do seguinte xeito:

NOME A APELIDOS	FORMACIÓN (Máx. 3 ptos)	EXPERIENCIA LABORAL (Máx 10 ptos)	TOTAL (Máx 13 ptos)
MARIA RAMA FAYA	0,95	0	0,95
IRIA TRIGO BERMÚDEZ	0	0 (Punto 7.A, pf 2º bases)	0
INÉS RODRÍGUEZ GARCÍA	1,30	0,80	2,10
DIANA RODRÍGUEZ RAMA	2,10	10	12,10
F. JAVIER GÓMEZ GONZÁLEZ	2,00	0 (Punto 7.A, pf 2º bases)	2,00
MARÍA LEMA ORDÓÑEZ	0	0	0

Concederáselle aos opositores un prazo de **TRES DÍAS HÁBILES (3)**, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para a presentación de alegacións/reclamacións que consideren oportunas á puntuación efectuada polo tribunal na fase de concurso.

De habelas, o tribunal reunirase para a súa valoración e, no seu caso a corrección; procedendo á publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica municipal da nova acta.

O tribunal decide realizar o chamamento dos opositores para a realización da **FASE DE OPOSICIÓN** deste proceso para o día venres, **18 de xullo de 2025**, ás **10.00 horas**, no Salón de Plenos do Concello de Coristanco, sito na Avda Fisterra nº 112-Traba.

En atención ao recollido no punto 7 parágrafo 7 das bases que rexen esta convocatoria, esta acta, unha vez sexa asinada polos membros do tribunal, deberá publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Coristanco na Sede electrónica municipal.

Ás 12.20 horas dase por rematada a sesión, do que se levanta acta para dar fe.